

**ACTA PLENO EXTRAORDINARIO (art. 36.1 ROF)**

**14 DE XUÑO DE 2023.**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **20. 00 horas do mércores 14 de xuño de 2023** (*previamente efectuada a convocatoria polo Sr.alcalde-presidente en funcións Manuel Ruiz Rivas o 9 de xuño de 2023*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno extraordinario

*A celebración do pleno adopta a modalidade de “presencial” según Decreto de Alcaldía de data 9 de xuño de 2023*

O carácter extraordinario da Sesión obedece á necesidade de cumprir co disposto no artigo 36 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e según o cal:

*“O terceiro día anterior ó sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva do Concello, os concelleiros cesantes se reunirán en sesión convocada ó solo efecto de aprobar o acta da última sesión celebrada”.*

**Membros que asisten:**

<b>Partido Popular (PP)</b>
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, <b>alcalde-presidente en funcións</b>
2.-María José Sampedro Fernández
3.-Ramón José Doval Sampedro
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Ana Isabel Barreiro Rego.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Juana María Brión Santamaría
8.-Elvira Pereira Ageitos.
9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos
<b>Partido Barbanza Independiente (PBBI)</b>
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Emilio Andrés González Regueira.
4.-Gerardo Pardavila Fernández.
5.-Asier Casais Álvarez
6.-Tania Redondo Fernández
7.-José Ángel Silva González



<b>Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)</b>
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.
<b>Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)</b>
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
<b>Suma Ribeira (SR)</b>
1.-Xurxo Ferrón Vidán

Asiste o **secretario xeral** do concello: Juan Manuel Salguero del Valle, así como o **interventor en funcións**, D. Jorge González Mariño.

Ábrese a sesión pola presidencia ás vinte horas, e pásase a tratar os seguintes puntos da

### ORDE DO DÍA:

<b>PUNTO ÚNICO:-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DE 16 DE MAIO DE 2023.</b>
----------------------------------------------------------------------------------------------------

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o **16 de maio de 2023**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión extraordinaria do día **16 de maio de 2023**.

Non hai votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 16 de maio de 2023**.

A continuación o **Sr. Alcalde-presidente en funcións** adica sentidas palabras a modo de despedida do seguinte tenor literal:



*“Sabem que fai escasa unha hora anunciei que non continúo no que é o meu puesto como concellal neste Concello, que é o que da a posibilidade tamén de ser Alcalde e, polo tanto, o único que me compre é decirlle a todos vostedes de que eu fixen o que realmente desexaba facer, o que mais feliz me fixo, que foron estes 12 anos de Alcalde, creo que Ribeira ten avanzado en este tempo o suficiente como para que un se vaia orgulloso do seu traballo e que, polo tanto, o que entende é que a miña presenza en estos momentos podía ser un acicate para a división que moitas veces se daba no pleno, eu non quero ser precisamente escusa en este pleno para que a xente de Ribeira non se sinta orgulloso do que son os seus concellales e, polo tanto, me parecía que a miña obriga era renunciar a esa acta.*

*Dito eso, eu nesta despedida o que quero é agradecer a tódolos servicios de esta Casa, o Sr. Secretario, o Sr. Interventor en funcións, o amigo Rebolo, pero a todos os que son funcionarios desta Casa, o seu traballo; eu creo que o Concello de Ribeira ten unhos funcionarios dos que se pode sentir orgulloso; e darlle as gracias a todos vostedes, eu sempre fun un deportista. Os deportistas temos unha máxima, que é que os problemas que existiran quedan na caseta ou en todo caso cando o árbitro pita o final do partido, polo tanto, para min xa pitou ese final do partido e simplemente podo decir o que dixen hasta agora, que me vou feliz, orgulloso do que fixen durante estes anos, que nin mais nin menos é o que me producía esa satisfacción, pero que me vou sin ningún rencor, e, polo tanto, espero que tódolos roces que por motivos políticos poideran ter, desde o momento en que se levante esta Sesión, sexan olvidados, e a todos vostedes, os que se van, pero os que recuncan, pois, desexarilles o mellor polo futuro deste pueblo, ten a verdade, unha lexislatura complexa, con moitas cousas comenzadas, que vai a requirir unha importante xestión, non perder todo o que se ten conseguido e, polo tanto, o que queira Ribeira o único que quer, que todas aquelas cousas que escomenzou e que non vai a poder finalizalas él, pois, que polo menos se finalicen.*

*O dito, sen rencores, moitas gracias a todos e espero que a partir de agora Ribeira entre nunha fase e nunha época e nun momento no que deixemos calquer tipo de diferenza personal, pensando única e exclusivamente no ben do Concello. Espero que todos así o sabrán facer e moita suerte porque non é fácil o que nos queda por diante e de verdade que o desexo de corazón. A todos moitas gracias e un bico e unha aperta moi fuerte”.*

E non sendo outro o obxecto da sesión o **Sr. alcalde-presidente en funcións** deuna por finalizada sendo as **vinte horas e cinco minutos** do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde en funcións

O secretario

Manuel Ruiz Rivas.

Juan Manuel Salguero del Valle.





**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/06/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/06/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/06/2023 13:52:32

DOCUMENTO: 20231116496

Fecha: 16/06/2023

Hora: 13:52

CSV: 07E70011095000S1E5Y0D4B8G6

